

ESENCIA LAREDO

O curso pasado, no C.E.I.P de Laredo en Chapela (Redondela), creouse unha microempresa educativa con fins benéficos, formada polos nen@s de 5º e 6º, chamada “Esencia Laredo”.



Para levar a cabo este proxecto, o noso colexio integrouse no programa educativo “DepoEmprende na Escola” da Deputación de Pontevedra, “EduEmprende” da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e “Valores de futuro” de BBVA. A nosa principal finalidade é o desenvolvemento das competencias recollidas no Currículo de Primaria, especialmente o Sentido de Iniciativa e Espíritu Emprendedor, entroncado co coidado da natureza e o consumo responsable.

Coa participación dos alumnos nesta microempresa preténdese que eles mesmos sexan os protagonistas da súa aprendizaxe mediante o método de traballo cooperativo, dun xeito moi activo e significativo, ao mesmo tempo que aprenden como funciona unha empresa e como traballan os seus pais.

Os propios alumnos elaboran distintos produtos, a maioría de xeito artesanal e sostible. Coas plantas aromáticas que cultivan no seu horto vertical preparan colonias e xabóns. Tamén fan marcapáxinas olorosos, fachizos (pequenos monecos de palla que serven para atrapar os pesadelos), pulseiras reflectoras, botellas tranquilizadoras (se as axitas, verás a súa maxia)...



Para realizar todo o traballo, orgánzanse en departamentos coma nunha empresa real. Manteñen reunións periódicas para tomar decisións e despois elaboran un acta onde se recollen os acordos acadados, que serán revisados polo Consello de Dirección.

O Departamento de Produción encárgase de coidar as plantas e de elaborar os produtos. En Marketing patrocinan a empresa con pancartas, folletos e campañas publicitarias (por exemplo, por San Valentín). E os membros do Departamento de Compra-Venda comparan os prezos dos materiais que precisan e logo encárganse de vender os seus produtos a través da páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplaredo/?q=node/333>.

Durante o curso fixeron varias saídas educativas relacionadas co programa. No mes de novembro visitaron a Deputación de Pontevedra onde foron recibidos, xunto con nenos doutros sete colexios da provincia, pola presidenta Carmela Silva e a deputada de Emprego Montse Magallanes.



Alí recibiron un Código de Identificación Fiscal da Axencia Tributaria onde figura a denominación social da microempresa e o seu domicilio fiscal.



Tamén estiveron nunha xornada de emprendemento empresarial no IES Bouza Brey, en Vilagarcía de Arousa, a través do programa “Atrévete”, en colaboración coa Federación Comarcal de Empresarios de Arousa. Alí escoitaron unha amena charla por parte da orientadora

do instituto e dun empresario local, que lles falou de traballo, sacrificio, erros e perseverancia. Despois puideron percorrer os talleres e instalacións do centro escolar onde coñeceron os Laboratorios de Innovación en robótica e electrónica.

Grazas a todo este traballo, a prensa e os medios de comunicación repararon en nós. Algúns deles visitaron o CEIP Laredo en varias ocasións para poder entrevistar aos protagonistas desta actividade tan innovadora e coñecer, de primeira man, como levan a cabo as súas tarefas dende os distintos departamentos.

<https://www.youtube.com/watch?v=9R1wyncE35k>
reportaxe na TVG

farodevigo.es » **Comarcas** REDONDELA

Un proyecto solidario de los alumnos del colegio Laredo logra un premio del BBVA

El concurso "Valores de futuro" contó con la participación de 56.184 escolares de 286 centros

Redacción | Redondela 22.06.2016 | 02:28

Todo o labor que precisa un proxecto coma este é, se cabe, aínda máis reconfortante polo seu compoñente solidario e aporta

experiencias e emocións que nos levan a ser conscientes da importancia da integración. O ano pasado os beneficios destináronse a axudar, a través da Asociación Amencer, a un neno chamado Hugo que precisaba unha bicicleta adaptada. Este curso colaboramos coa asociación Sonrisas Pelonas, que traballa con nenos enfermos de cancro, e co departamento de pediatría do hospital vigués Álvaro Cunqueiro. Os nenos sinten que están colaborando en algo moi especial e, como di a canción que eles mesmos crearon:

“Somos un equipo,
revolucionarios,
Esencia Laredo,
somos solidarios”



¡HOLA!
MI NOMBRE ES **HUGO**. TENGO
PARÁLISIS CEREBRAL Y ME
GUSTARÍA DAR LAS **GRACIAS** A LOS
ALUMNOS DEL **CEIP DE LAREDO**
POR AYUDARME A CONSEGUIR UNA
BICI ADAPTADA